



## **DISPOSICIÓN PARA UNHA VISITA ESCOLAR SEGURA Ó MUSEO DE BELAS ARTES DA CORUÑA**

**Coas novas medidas sanitarias e de seguridade pola COVID-19 o Museo de Belas Artes da Coruña establece as seguintes dinámicas relativas as visitas escolares:**

- Os grupos escolares que nos visiten terán que ser sempre “aulas nido”: grupos estancos que cohabiten no espazo escolar das aulas. Deste xeito non recibiremos dúas aulas simultaneamente nin grupos compostos por particións de aulas.
- O número máximo establecido é de 30 persoas (contando cos/as profesores/as acompañantes). Se o grupo que nos visita é de máis de 20 persoas partirase en dous para facilitar o desprazamento polas salas do museo.
- As visitas durarán 1 hora e 15 minutos. Realizaranse en dúas quendas de mañán: ás 10:00 e ás 11:30. Deste xeito garantimos un tempo intermedio para que non haxa máis dun grupo de escolares coincidindo no espazo do museo. Pedimos así a máxima puntualidade.
- O grupo escolar terá que respetar a distancia de dous metros de calquera visitante ou traballador do museo.
- O alumnado e os/as responsables deberán levar a máscara durante toda a visita. En caso de que haxa algún caso individual no que exista unha xustificación de non levala por contraindicación médica o/a responsable do grupo terá que informar ó museo antes do día da visita.
- O/a profesor/a acompañante do grupo será en todo o momento responsable do cumprimento das normas e dinámicas aquí expostas.
- Ao entrar no Museo, o/a responsable do grupo se dirixirá ó mostrador para que se tome rexistro. Mentres se realiza este trámite o grupo deberá permanecer no espazo indicado polo persoal de atención ó público.
- As visitas serán dinamizadas alentando sempre a participación.
- Quedan suspendidos polo momento os talleres ou as dinámicas onde se manipulan obxectos.
- O servizo de consignas está fóra de servizo. Non se permite a entrada con bolsas, mochilas ou paraugas.